



17ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA OS ESTUDANTES GAÑADORES DE OLIMPIADAS CIENTÍFICAS. CURSO 2023-24

A *Universidade da Coruña* (UDC), co fin de fomentar as actividades de extensión universitaria como medio de promoción do coñecemento, así como de incentivar a calidade na formación do estudantado que accede por primeira vez aos estudos universitarios, publica a 17ª convocatoria de axudas para estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas.

1. Obxecto das axudas

O obxecto desta convocatoria consiste en recoñecer o labor realizado polo estudantado nas diversas fases das Olimpíadas Científicas das áreas de Bioloxía, Economía, Física, Informática, Matemáticas, Química ou Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional, e premiar os resultados das persoas clasificadas en primeiro, segundo e terceiro lugar.

2. Requisitos

Poderá solicitar esta axuda da UDC o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Matricularse por primeira vez no curso académico 2023-24 en calquera das titulacións oficiais de Grao ou Programa de Simultaneidade de Grao, impartidas nos centros propios da UDC, e manter a matrícula durante todo o curso.
- b) Finalizar os estudos de bacharelato no curso 2022-23.
- c) Clasificarse, ao longo do curso 2022-23, no primeiro, segundo ou terceiro posto das Olimpíadas Científicas de Bioloxía, Economía, Física, Informática, Matemáticas, Química ou Xeoloxía nas fases local, autonómica ou nacional.
- d) Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para obter as axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberanse posuír o día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes

3. Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes

O alumnado interesado, deberá realizar a solicitude a través do impreso que se achega como Anexo I da presente convocatoria, e deberá dirixilo ao Vicerreitorado de Estudiantes, Participación e Empregabilidade, ao sape@udc.es

Xunto coa solicitude achegarase o certificado acreditativo da condición de primeira, segunda ou terceira persoa clasificada na fase local, autonómica ou nacional dalgunha das olimpíadas científicas (Bioloxía, Economía, Física, Informática, Matemáticas, Química ou Xeoloxía).

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o 14 de xullo ata as 23:59 horas do 29 de setembro de 2023.

4. Procedemento e criterios de selección das persoas adxudicatarias

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Estudiantes comprobará que as persoas solicitantes cumpran os requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria.

A vicerreitora de Estudiantes, Participación e Empregabilidade, publicará no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, estas últimas xunto coa causa que implica a súa exclusión.

As persoas interesadas dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para presentar unha reclamación e/ou achegar a documentación que permita emendar os erros detectados.

A valoración das solicitudes e a selección das persoas adxudicatarias das axudas será efectuada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, que está composta polas seguintes persoas:

Vicerreitoras:

- Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
- López Villar, Cristina

Profesorado:

- Ávila Álvarez, Adriana Ivette
- Busto Lago, José Manuel
- Calvo Rolle, José Luis
- Castro Souto, Laura Milagros
- Muñoz Cantero, Jesús Miguel
- Romero Gómez, Manuel

Representantes do estudantado:

- Blanco Ameijenda, Francisco Enrique
- Sueiro Méndez, Laura

Representante do persoal de administración e servizos:

- Cantarero Roldán, Alicia
- Crecente Maseda, María Antonia

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

O criterio de selección será a clasificación no primeiro, segundo ou terceiro posto dalgunha das Olimpíadas Científicas organizadas no Estado.

5. Número de axudas, dotación económica e financiamento

Concederáse un máximo de dezoito axudas, repartidas da seguinte maneira:

- a) Seis axudas de 715 € para cada persoa das primeiras clasificadas, nalgunha das fases das Olimpíadas Científicas referidas nesta convocatoria.
- b) Seis axudas de 450 € para cada persoa das segundas clasificadas.
- c) Seis axudas de 370 € para cada persoa das terceiras clasificadas.

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 0300030006.422D.480.01 Axudas Olimpíadas Científicas-VEPEM.

O importe da axuda estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.



6. Natureza da relación da persoa seleccionada coa UDC

As persoas seleccionadas non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa coa UDC, nin a selección implica ningún compromiso en canto á súa incorporación posterior ao cadro de persoal desta universidade.

7. Resolución da convocatoria

As axudas concederanse mediante unha resolución administrativa da presidenta da Comisión de Extensión Universitaria, a Vicerreitora de Estudiantes, Participación e Empregabilidade, que se publicará no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC cos efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" - RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto cale Maestranza, 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal

A solicitude dunha axuda ao amparo desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RGPD, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no devandito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/o exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:



- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cumprimentar na Sede electrónica da (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites.
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), na dirección Secretaría Xeral, Reitorado da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os actos sucesivos do procedemento a que alcanza, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data da firma dixital.